



DENDE O PARTO É NOSO- EI Parto es Nuestro MOSTRAMOS O NOSO REXEITAMENTO AO PECHE DO PARITORIO DE VERÍN.

Dende O Parto é Noso opoñémonos firmemente ó peche do paritorio de Verín e os recortes sistemáticos na Sanidade Pública, especialmente ás que afectan á atención obstétrica e pediátrica.

As mulleres da comarca de Verín e os seus bebés ven vulnerados os seus dereitos respecto a unha atención ó embarazo, parto e o posparto, obrigándolles a desprazarse ao Hospital de Ourense a unha distancia mínima de 70 km (existindo maiores distancias por mor da dispersión xeográfica do noso territorio).

Cofecedoras da grave situación de despoboación do rural galego, preocupadas polo alarmante descenso da natalidade e o conseqüente envellecemento da poboación en Galicia, cremos que estas medidas veñen a incidir negativamente na situación de crise demográfica.

No hospital de O Barco de Valdeorras estase a ver o mesmo proceso de desmantelamento. A falta de apoio e de recursos axeitados por parte do SERGAS fannos temer que sean os seguintes. E aquí a desprotección é maior pola lonxanía.

Estamos a ser moeda de cambio e presión, separando sen xustificación a nais e bebés nun aumento alarmante de derivacións aos servizos de neonatoloxía do Hospital de Ourense, antes do peche en Verín e agora en O Barco.

Non podemos obviar que todo parece obedecer a unha estratexia de centralización en grandes hospitais, nas áreas sanitarias máis poboadas, en detrimento dos hospitais comarcais. Pero incluso así, o Hospital de Ourense xa está trasladando en ocasións a mulleres e bebés que non poden ser atendidos alí por saturación no Servizo ao Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo. ¿Qué pasará cando ás mulleres ourensanas se sumen as de outras comarcas? A carga asistencial será maior na mesma dotación de recursos. ¿Acabarán trasladando tódolos partos a Vigo?.

Dende O Parto é Noso denunciámos a merma evidente na calidade, comodidade e seguridade das mulleres embarazadas e os seus bebés, tendo que desprazarse independentemente das condicións climatolóxicas, estado das estradas de acceso (en xeral, non en estado óptimo) e o risco inherente a todo desprazamento en vehículos por estradas (sendo ademáis un traslado en previsible estado de nervos).

Queremos resaltar ademáis a especial vulnerabilidade das mulleres en situacións máis precarias, ou as que carecen de vehículo propio. A rede galega de transportes é limitada e deficiente, tanto en frecuencias como en cobertura.

Dende O Parto é Noso recordamos aos responsables políticos e xestores públicos que en 2020 hai eleccións autonómicas e que as mulleres tamén votamos. A ver se así empezan a poñer os nosos Dereitos e os das nosas crianzas na axenda prioritaria.

Finalizamos mostrando o noso apoio incondicional ao personal sanitario que están loitando por unha atención digna e contra o peche, así como as diferentes plataformas e asociacións implicadas.

¡Verín non se pecha!